## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## AXENCIA TURISMO DE GALICIA

*EXTRACTO da Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos Premios Galicia Parabéns e se procede á súa convocatoria para os anos 2017 e 2018.*

BDNS (Identif.): 329442.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index):

Primeiro. *Beneficiarios*

Concellos, agrupacións de concellos de Galicia, mancomunidades de concellos de Galicia, consorcios locais galegos e áreas metropolitanas galegas, se as houber.

Para os efectos desta resolución, considérase agrupación de concellos aquela candidatura subscrita por dous ou máis concellos, e deberá observarse o disposto no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non poderán participar nesta convocaoria as sete grandes cidades galegas: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Santiago de Compostela, e as entidades locais nas que están integradas.

Segundo. *Obxecto*

Concesión dos Premios Galicia Parabéns como un recoñecemento institucional e social ás iniciativas destinadas a conservar, mellorar e embelecer as paisaxes, os núcleos poboacionais e os Camiños de Santiago dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os Premios Galicia Parabéns constarán das seguintes categorías:

1ª categoría:

Destinada a distinguir as iniciativas ou actuacións realizadas nos últimos dez anos para conseguir unha mellora da paisaxe, unha integración axeitada nela de elementos antrópicos (arquitecturas, estradas, industrias, canteiras...), ou da propia mellora estética dos

CVE-DOG: fp10bvf1-ddp5-iw79-bmz2-dfalqwppstd5


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

núcleos poboacionais. Así mesmo, inclúense nesta categoría as iniciativas ou actuacións de embelecemento realizadas nos lindes das rutas dos Camiños de Santiago.

2ª categoría:

Destinada a premiar os mellores proxectos dirixidos á realización de obras de revalorización e embelecemento, tanto para promover unha mellora da paisaxe como para intervencións nos núcleos poboacionais ou nos lindes dos Camiños de Santiago.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos Premios Galicia Parabéns e se procede á súa convocatoria para os anos 2017 e 2018.

Cuarto. *Importe*

Os premios previstos nestas bases imputaranse á aplicación orzamentaria 04.A2 761A 760.0, proxecto 2017 00004, dos orzamentos da Axencia Turismo de Galicia para as anualidades 2017 e 2018.

A distribución para cada anualidade e para ambas as dúas categorías é a seguinte:

Anualidade 2017: 200.000 euros.

Anualidade 2018: 600.000 euros.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexto. *Prazo de xustificación da documentación*

Os prazos para presentar a documentación xustificativa serán:

Fase 2017: 15 de decembro de 2017.

Fase 2018: 30 de novembro de 2018.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2016

Mª Nava Castro Domínguez
Directora da Axencia Turismo de Galicia

CVE-DOG: fp10bvf1-ddp5-iw79-bmz2-dfalqwppstd5

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia